

# REGULAMENTO PARTICIPACIÓN VECINAL



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**D. EDUARDO PORTELA FERNANDEZ, SECRETARIO XERAL DO ILMO. CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA).-**

**C E R T I F I C O :**

Que o Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de Marzo de 1.996, adoptou, entre outros, o acordo que, de seguido, transcribo literalmente:

**4º) APROBACIÓN REGULAMENTO PARTICIPACIÓN VECIÑAL:**

Toma o uso da palabra o Alcalde para sinalar que unha vez redactado o Proxecto de Regulamento de Participación Veciñal, someteuse á consideración das organizacións e asociacións de todo tipo existentes no Concello de Bueu, e posteriormente a aprobación inicial someteuse a un período de información pública durante 15 días, no que presentaronse 3 alegacións.

De seguido, o Alcalde dá lectura das alegacións nos seguintes termos:

**ALEGACIONES DA ASOCIACION CULTURAL AS LOGOAS, Ó PROXECTO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACION VEXIÑAL DO CONCELLO DE BUEU**

O Pleno do Concello aprobou inicialmente o Proxecto de Regulamento de Participación Veciñal, e na actualidade está en período de alegacións, que remata o próximo 8 de Xaneiro.

Esta Asociación está de acordo en regula-la participación dos colectivos para que interveñan no deseño da política municipal, pero desaproba totalmente a forma pouco democrática que levou a cabo o equipo de goberno, formado polo BNG e PSOE, no proceso de elaboración do citado Regulamento, así como o control político que se pretende sobre os colectivos veciñais mediante este documento.

Isto lévamos a manifesta-la nosa Enmenda á totalidade do Proxecto do Regulamento de Participación Veciñal, polos seguintes motivos:



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

1.- Existe unha excesiva influencia política dentro dos órganos que se pretenden crear para regula-la participación, que pode derivar un control político sobre os colectivos veciñais por parte do equipo que estea asumindo a responsabilidade de gobernar.

2.- O proceso seguido para a aprobación deste Proxecto de Regulamento, fíxose de forma pouco democrática, sen informar ós diversos colectivos, que precisamente son a quen vai dirixido o documento. As Asociacións participaron coas suxerencias ó Anteprojecto, pero é incomprendible que non se lles dera a coñecer-lo texto definitivo que se presentou ó Pleno e que foi aprobado inicialmente.

É unha incongruencia que o Goberno Municipal elabore un documento para que os veciños participen na vida municipal, e non comunique ós colectivos interesados, antes de elevalo ó Pleno, o texto oficial polo que se van regular no futuro.

Bueu, 5 de Xaneiro de 1.996

Anton Freire Gestido  
Presidente da A.C. As Lagoas

**ALEGACION Ó REGULAMENTO DE PARTICIPACION QUE PESENTA A  
PRESIDENCIA E DIRECTIVA DE ACIBU**

Nos últimos anos viña sendo unha constante reivindicación colectivos, dispor dun instrumento legal que servira de cauce para regular a participación dos veciños na vida municipal e evitara situacións de enfrentamento coa institución.

Lemos no Preámbulo "É indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedero da democracia representativa"... e a continuación fálase tamén de participación veciñal e potenciación de asociacionismo, transparencia, rapidez e eficacia... unha chea de palabras, declaración de intencións que son contrarias o desenvolvemento e redacción do propio regulamento.



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

PARTICIPACION

No artigo 19, regúlase a participación dos veciños en Plenos, mediante consultas populares, mocións e interpelacións, poñendo como norma a presentación dun 10% de firmas do censo (1.000 firmas), cantidade excesiva se temos en contra que o grupo municipal do PSOE con 1.060 votos ten tres Concelleiros e goberna. Esa medida pódese considerar disuasoria máis que participativa, e a porcentaxe esixida é contraria á democracia representativa.

CONSELLOS MUNICIPAIS

Nos artigos 31 ao 34, desenrólanse as funcións e composición dos Consellos Municipais de Area, de vital importancia como órganos de participación e seguimento da xestión municipal. Tanto na súa composición como no seu funcionamento, con esta normativa van a estar sometidos a un ferreo control por parte do Alcalde e do equipo de goberno. Vexamos un exemplo que ilustra ditas afirmacións: Para que un sector (comercio, cultura, deportes) poida convocar reunións, coa actual composición do Consello, formado polo Alcalde máis un representante de cada grupo político e un representante de cada Asociación do sector, necesitaríanse 8 colectivos de cada sector para xuntar os 2/3 obrigatorios de representatividade.

PRESIDENCIALISMO

O Alcalde é nomeado, por Decreto, Presidente de tódolos Consellos, e dispón de competencias totais en convocatorias, preparación da Orde do Día dos debates, elección de Vicepresidente e Coordinadores de comisións de traballo. Cando tódolos cargos deberían ser elixidos democraticamente polos membros dos Consellos.

Debe ser retirado este Regulamento por excesivo control político e presidencialismo, e sometido necesariamente a debate entre os colectivos interesados.

Bueu, 8 de Xaneiro de 1.996  
Xosé Bangueses García  
Presidente de ACIBU



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

**ALEGACIONES DA ASOCIACION DE AXUDA O DROGODEPENDENTE "ERGUETE BUEU", Ó PROXECTO DE REGULAMENTO DE PARTICIPACION VECIÑAL DO CONCELLO DE BUEU**

O Proxecto de Regulamento de Participación Veciñal foi aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, e tendo un prazo de alegacións que remata o oito de Xaneiro de 1.996, a Asociación ERGUETE BUEU, EXPON:

1.- No Proxecto de Regulamento de Participación Veciñal, no art. 31, non se contemplan todos os Consellos que deberían existir, por exp. o Consello de Servizos Sociais.

2.- Existe unha excesiva influencia política dentro dos órganos que se pretenden crear, para regular a participación (art. 33).

3.- O proceso seguido para a aprobación deste Proxecto de Regulamento, fíxose de forma pouco democrática, xa que non se informou ós colectivos do texto definitivo que se presentou ó Pleno, e que foi aprobado inicialmente, e como consecuencia do prazo de alegacións.

Polo que a Asociación ERGUETE Bueu solicita a ENMENDA Á TOTALIDADE DO REGULAMENTO DE PARTICIPACION VECIÑAL.

Ainda que a Asociación Erguete Bueu eswtá de acordo en regular a participación dos colectivos para intervir no deseño da política municipal, desaproba totalmente a forma pouco democrática que se levou a cabo por parte do equipo de goberno no proceso de elaboración de dito Regulamento, así como o control político e fiscalizador que se pretende levar sobre os colectivos.

A PRESIDENTA,  
Amalia Sotelo Villar

A continuación o Alcalde cita a existencia do preceptivo informe de Secretaría e dá lectura do Dictamen da Comisión Informativa nos seguintes termos:





CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

INTR.

Núm. \_\_\_\_\_

**DICTAME DA COMISION DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E MULLER**

A Comisión de Sanidade, Servicios Sociais e Muller, unha vez estudadas as alegacións presentadas polas Asociacións "ACIBU", "ERGUETE BUEU" e "ASOCIACION CULTURAL AS LAGOAS", ó Regulamento de Participación Veciñal, así como o Informe do Secretario Municipal, foi a seguinte proposta de modificación do Regulamento:

**NORMATIVA XERAL:**

**Artigo 22.-** Suprimir e tramitaráse a través do Departamento de Servicios Sociais pola Secretaría Xeral do Concello.

**Artigo 28.-** ... Neste artigo engadiráse ... os representantes das asociacións inervirá con voz, pero sen voto.

**Artigo 31.-** Proponse a creación do Consello Económico e Social e o Consello de Servicios Sociais, ademais dos xa contemplados.

**Artigo 33.-** Engadirase que os representantes das Asociacións do sector non terán menor representación que os que corresponden ó Concello.

**NORMATIVA DOS CONSELLOS SECTORIAIS:**

**Artigo 2.-** Terá a seguinte redacción: Cada Consello, despois de se constituir, poderá dotarse dun Regulamento Interno de seu. Debe aclararse que o Regulamento interno de cada Consello sectorial, será aprobado polo Pleno Corporativo, como parte integrante do Regulamento Orgánico Municipal.

**Artigo 3.-** Onde pon 2/3, substituiráse por 1/4 dos seus membros.

**Artigos 4 e 11.-** Estes artigos quedarán refundidos no punto E do informe do Secretario que dí literalmente:

"O Secretario Xeral do Concello, será membro do Consello Sectorial, con voz e sin voto. As suas funcións son as que de seguido se reseñan:

-Asistir ás reunións.



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

-Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orden do seu Presidente, así como as citacións ós membros do mesmo.

-Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano, e polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calisquer outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

-Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

-Expedir certificación das consultas e dictámenes aprobados.

O Secretario da Corporación pode delegar estas funcións nos Secretarios das Comisións Informativas ou en persoal funcionario de Administración Xeral.

As actas dos Consellos terán a consideración de documento público, podendo formalizarse en libro de Actas, como instrumento público, solemne, no xeito previsto nos artigos 198 a 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

**Artigo 5.-** Engadirase que a documentación municipal non pode saír da Casa Consistorial.

**Artigos 15, 16, 17 e 18.-** Proponse a supresión destes artigos, por estar regulamentados por Norma de rango superior e para un trato igualatorio cos demais Consellos de Area.

Bueu, 1 de Marzo de 1.996

**DEBATE POLÍTICO**

De seguido, intervén DONA MONTSERRAT RODRÍGUEZ COMEDEIRO do grupo municipal do Partido Popular para solicitar que conste en acta o feito de que o Dictamen da Comisión Informativa non figuraba na documentación posta a disposición dos Concelleiros no día da convocatoria.

Toma o uso da palabra DON XOSÉ RAMÓN MILLÁN LÓPEZ cúa intervención transcríbese literalmente de acordo co disposto no artigo 27,2º da Lei 30/92 de Procedemento Administrativo Común.

"Nos derradeiros meses, celebráronse numerosas entrevistas para tratar temas de diferentes áreas ou lugares. No Presuposto de 1.995 consideráronse as principais reivindicacións veciñais;





CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

as propostas coiunturais aténdense na medida das posibilidades presupostarias. Trasládase a información solicitada (no tema de Saneamento Integral temos un exemplo).

Este esforzo de actuación, tense que plasmar nun Regulamento que encauce a participación de colectivos na vida política do Concello para que:

-As alternativas presentadas poidan ser coñecidas e debatidas para afondar nas solucións adecuadas.

-Se dote as parroquias dunha estrutura organizativa propia.

-Se complemente a democracia participativa. Non basta con ir a votar cada catro anos e aplica-la Lei de Procedimento Administrativo para acceder á información.

Hai grupos os que parece non interesarlles o contraste de alternativas e diferencias ideolóxicas cara a cara. Pola contra, centran a súa actividade nos mentidoiros políticos, onde a espaldas do contricante practican o ideario do ministro de "intoxicación e propaganda" de Hitler de: "unha mentira repetida mil veces, convértese unha realidade", coa finalidade de desprestixia-la conducta dos competidores políticos e directivas de movementos veciñais.

Para estas formacións, canto menos colectivos sociais existan, canto menos información teñan, canto menos participación na vida política; mais receptiva será a veciñanza a súa política de intoxicación organizada.

O B.N.G. considera que a través deste cauce aberto, temo-la obriga de aproveita-las propostas e a adicación desinteresada de moitos veciños e asociacións que desexan voluntariamente participar na construción do noso futuro como pobo.

A elaboración do propio Regulamento, consesuado con tódolos colectivos de Bueu, xá é un verdadeiro exemplo de participación e democracia.

Agradecemos a adicación e o esforzo de todos colectivos por facer un Regulamento o mais democrático posible."

A continuación intervén DON XOSÉ IGNACIO GARCÍA para indicar que a intervención do Sr. Millán non merece resposta, e afirma





CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

que si o Sr. Millán coñece a frase do ministro hitleriano, por algo será. Continúa a súa intervención manifestando que a proba de que o Regulamento non se creou polos cidadáns está no feito de que nas alegacións presentadas atópanse calificativos como "Presidencialismo", "dirixismo político", "falta de democracia", "influencia política", ect. Indica tamén que os veciños deben asociarse e organizarse pero non dirixilos dende o Concello, porque na práctica o 90% da poboación inhíbese da participación, pola instrumentalización política da mesma. Remata a súa intervención indicando a oportunidade da intervención dos veciños nas sesións plenarias e lembra que o presente Regulamento ten críticas claras, por que se quere dirixir, crear, manexar, órganos para instrumentalizar a participación política, non debendo producirse manipulacións desa participación política.

A continuación intervén DON XOSÉ RAMÓN MILLÁN LÓPEZ, para manifestar que Don Ignacio coñecerá de franquismo e fascismo, e agora quere borrar-lo pasado, lembrando a historia dos derradeiros 12 anos, que se caracterizaron pola desconsideración e desprezo polo movemento asociativo coas seguintes prácticas:

-Desconsideración e desprezo polo movemento asociativo. Como testemuña, declaracións do anterior Alcalde na prensa "Nunca dí importancia ni doi a estas Asociaciones" "Su papel es enfrentarse al gobierno y protestar".

-Non facilitar a información demandada. Exemplo: Copia das Normas de Planeamento Urbanístico, proxectos de obra casa do Pobo de Beluso, Ampliación Cemiterio de Beluso, copias de presupostos...

-Impidíuselle o acceso á infraestrutura de locais municipais. Loita pola utilización da Casa de Cultura de Bueu.

-Desoíase a solicitude de participación na actividade municipal. Deste xeito, os colectivos non se enteraban de nada. Non podían presentar iniciativas ou alternativas os proxectos.

-O vecindario participaba na vida municipal a través dos Alcaldes de Barrio, que eran persoas achegadas ó goberno e nomeadas a dedo.

A continuación intervén DONA MONTSERRAT RODRÍGUEZ COMEDEIRO, para sinalar que no seu día intentouse crear un Consello Escolar Municipal, para o que se mantiveron reunións cos colectivos



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

afectados pola súa composición. Así, non se pudo chegar a un acordo sobor da composición do Consello, tal e como ven prevista na lexislación aplicable, por estar en desacordo algúns colectivos coa composición citada.

A continuación, intervén DON MANUEL OTERO PÉREZ, do grupo municipal do B.N.G. para indicar que o feito de que se discutan cuestións de participación, evidencia as claras a existencia dunha laguna clara, na regulación da participación dos veciños e asociacións na vida municipal.

A continuación, o Alcalde somete a votación a aprobación definitiva o Regulamento de Participación Veciñal de conformidade co dictamen da Comisión Informativa, resultando aprobado co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 (DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO B.N.G. E P.S.O.E.).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 6 (DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR)

A continuación transcríbese literalmente o contido do Regulamento de Participación Veciñal, unha vez aprobado definitivamente:

**REGULAMENTO DE PARTICIPACION VECIÑAL**

**PREAMBULO. -**

O Concello de Bueu, acolléndose ás disposicións legais viixentes (artigo 4.1-a, e Capítulo IV do título V da LRBRL) e como complemento a éstas, pretende desenvolver unha norma que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos veciños e das entidades que os aglutinan e nas cales se organizan, nomeadamente as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariais, etc. que desenvolven a súa actividade no Concello. É indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedor da democracia representativa.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

Por outra parte, se a parroquia segue a ser unha estrutura natural no noso país, derivada da organización social do home, convén recuperala como estrutura administrativa e organizativa, coa finalidade de descentralizar a política municipal e garantir unha maior transparencia, rapidez e eficacia na solución dos problemas.

De non existir vías para a intervención directa de todos os veciños na construción do noso futuro como pobo, moitas posibilidades de mellora poden ser estragadas e moitas enerxías desperdiciadas. Un Concello aberto e democrático debe impulsar a acción dos cidadáns para acadar unha convivencia plena de dereitos e unha preocupación pola problemática social e cultural do noso pobo.

A participación veciñal, o potenciamento do asociacionismo e o recoñecemento da parroquia como entre con vida propia, son as tres ideas fundamentais deste Regulamento de Participación Veciñal.

**DISPOSICIONS XERAIS.-**

**ARTIGO 1.-**

O obxecto do presente Regulamento, é crear os mecanismos polos que a Corporación facilite a mais ampla información sobre a súa actividade, e a participación de tódolos veciños e entidades veciñais na xestión municipal, sempre de acordo coa lexislación vixente.

**ARTIGO 2.-**

Os obxectivos que se pretende atinxir co presente Regulamento e que teñen carácter de principios básicos, son os seguintes:

\* Dar a maior información posible sobre as actividades e a xestión municipal, ó mesmo tempo que facilitar e promover a participación veciñal, individual ou en grupo.





**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

\* Crear organismos de participación, xa sexa por sectores, por parroquias, ou territoriais, a fin de que as propostas dos veciños sexan canalizadas e tidas en conta.

\* Fomentar o asociacionismo entre os veciños de Bueu nas áreas mais diversas: veciñais, de pais de alumnos, da mocidade, culturais, deportivas, ...

\* Achegar a xestión municipal ós veciños de Bueu, ao mesmo tempo que servir de garante á solidariedade e ao equilibrio entre as distintas parroquias do Concello.

**TIDUO I.- DOS DEREITOS VECIÑAIS**

**CAPITULO I.- DOS DEREITOS XERAIS**

**ARTIGO 3.-**

A veciñanza ten o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elexidos, en elección periódica, por sufraxio universal, ou no seo de organizacións e asociacións, de acordo coas disposicións legais vixentes.

**ARTIGO 4.-**

Nos termos regulados pola lei e polo presente regulamento estableceráse:

1º) A audiencia á cidadanía no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que lle afecten.

2º) O acceso aos arquivos e aos rexistros administrativos, aos expedientes e documentos municipais que lles afecten persoalmente, ou nos que estén interesados, sempre que non vulneren os dereitos de terceiros.

**ARTIGO 5.-**

A veciñanza ten o dereito de pedimento de información individual ou colectiva, na forma e cos efectos que determina a





**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

lei; tamén teñen dereito a ser informados, previo pedimento razoado, e dirixir solicitudes á Administración Municipal, verbo de todo os expedientes e documentación municipal.

**ARTIGO 6.-**

Os veciños teñen dereito ao uso e utilización dos bens instalacións e servizos públicos municipais, que se regularán polas súas disposicións específicas.

**ARTIGO 7.-**

O Concello promoverá o papel activo da veciñanza, sen que poida establecer ou prevalecer ningunha discriminación.

Para defende-lo uso non sexista da linguaxe non administrativa, o Concello normalizará todos aqueles documentos, circulares, impresos e formularios, coa finalidade de facer realidade este dereito na linguaxe referente á veciñanza.

**ARTIGO 8.-**

O Concello facilitará unha ampla información da súa actividade e a participación da veciñanza e os seus colectivos na vida local e nas tarefas públicas, e notificará, da forma prevista pola lei, os acordos adoptados pola Corporación.

**ARTIGO 9.-**

O Concello facilitará igualmente a obtención de copias e certificacións acreditativas dos acordos acadados polos órganos colexiados.

**ARTIGO 10.-**

Os veciños con carácter xeral teñen dereito a ser atendidos polo órgano pertinente, a formularen reclamacións e a recibiren información particular, nun tempo prudencial.

**CAPITULO 2º.- SOBRE A INFORMACION MUNICIPAL**



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**ARTIGO 11.-**

O Concello informará aos veciños dos contidos das sesións plenarias, e de todos os acordos do Pleno e das Comisións de Goberno, así como das Resolucións da Alcaldía e as que pola súa delegación emitan os seus delegados.

Esto farase a través dos medios que se consideren necesarios cara a conseguir unha difusión ampla.

Así mesmo, o Concello procurará darlle a máxima publicidade posible ás convocatorias e ordes do día dos Plenos.

Serán obxecto de especial tratamento informativo divulgativo, aqueles temas que pola súa importancia afecten a un colectivo maior de veciños.

**ARTIGO 12.-**

O Concello, a través do Rexistro e da Oficina de Información, canalizará as seguintes funcións:

\* Recoller instancias, iniciativas, queixas e reclamacións que presenten os veciños ou as entidades veciñais.

\* Facilitar información relativa ao funcionamento do Concello, a fin de orientar nas súas peticións ós veciños.

\* Poñer a disposición dos veciños papel impreso para efectuar reclamacións, suxerencias e recursos en xeral.

\* Recabar dos distintos departamentos municipais, o estado de tramitación administrativa pola que discorre cada expediente a petición do interesado.

\* Asesorar, facilitar documentación e apoiar as xestións para a constitución de distintas asociacións.

\* Informar dos procedimentos para dirixirse a outras institucións autonómicas, estatais e internacionais.

\* Facilitar unha comunicación áxil coas distintas administracións públicas.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**ARTIGO 13.-**

A obtención de copias e certificacións acreditativas de acordos municipais ou antecedentes dos mesmos, solicitaráse por escrito no Rexistro. A Oficina de Información Municipal realizará as xestións que sexan necesarias para que o solicitante obteña resposta á súa solicitude no prazo mais breve posible, e sen que isto supoña entorpecemento das tarefas dos demais servizos municipais.

As solicitudes e reclamacións en xeral que dirixan ós veciños ou entidades a calquera órgano do Concello en petición de aclaracións ou actuacións municipais, cursaránse necesariamente por escrito a través do Rexistro.

**CAPITULO 3º.- DA INICIATIVA VECIÑAL**

**ARTIGO 14.-**

Enténdese como iniciativa veciñal, aquelas propostas presentadas por veciños ou entidades con suficiente grado de elaboración como para ser executables, e nas que os interesados leven a cabo unha aportación no desenvolvemento do mesmo.

A proposta será presentada por escrito dirixida ao Alcalde, e nela deberán figura-los datos de identificación do proponente e, no seu caso, da Asociación á que representa.

**ARTIGO 15.-**

Informarásese aos solicitantes do trámite a seguir pola proposta, e de tratarse nalgún dos órganos do Concello, poderásese requerir a presenza do autor na sesión que corresponda, ós efectos de explicala e defendela por simesmo.

En todo caso, a resolución comunicarásese aos interesados.

**ARTIGO 16.-**

Na avaliación das iniciativas, o Concello considerará os criterios de interese público da proposta e a aportación dos solicitantes.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**CAPTULO 4º.- DA CONSULTA VECIÑAL.-**

**ARTIGO 17.-**

De acordo co artigo 71 da lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello poderá someter a consulta popular os asuntos da sua competencia e de carácter local que sexan relevantes para os intereses dos veciños, con excepción dos relativos á Facenda Local.

**ARTIGO 18.-**

O Concello encargárase de realizar todos os trámites pertinentes para a celebración da consulta popular sobre materias da sua competencia.

**ARTIGO 19.-**

Tamén se poderá someter a consulta popular, unha petición colectiva asinada por un mínimo de veciños non inferior ó 10% do Censo Electoral Municipal.

**TIDUO II.- DAS ASOCIACIONES VECIÑAIS E DO SEU REXISTRO MUNICIPAL**

**TIDUO I.- DO REXISTRO MUNICIPAL**

**ARTIGO 20.-**

O Rexistro Municipal de Asociacións, ten por obxecto permitir coñecer ao Concello o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a sua representividade, ós efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo e da participación veciñal.





**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

**ARTIGO 21.-**

Poderán solicitar e obter a inspección no Rexistro, todas aquelas entidades legalmente constituídas que teñan como marco territorial de actuación o Concello de Bueu, e como obxecto a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, e, en particular, as Asociacións de Veciños, as de Pais de Alumnos, Deportivas, Culturais, Recreativas, de Mocidade, Sindicais, Empresariais, Profesionais, e calquera outra similar.

Haberá un anexo a este Rexistro para Asociacións en trámite ou Xuntas Xestoras. Pasados seis meses sen legalizar, daráse de baixa forzosa. Mentras tanto, terá os mesmos dereitos cas demais Asociacións, pero sen voto.

**ARTIGO 22.-**

A solicitude de inscrición presentarase no Rexistro Xeral, e tramitarase a través da Secretaría Xeral do Concello, que terá ao seu cargo o Rexistro Municipal de Asociacións, sendo os datos públicos.

Para facer efectiva a inscrición, as entidades deberán presentar:

- a) Estatutos da Asociación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e outros rexistros públicos.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio Social.
- e) Cédula de Identificación Fiscal.
- f) Certificación do número de socios.

**ARTIGO 23.-**

No prazo de quince días dende a solicitude de inscrición, salvo que se interrompa o proceso pola necesidade de ampliar a documentación, o Concello notificará a Asociación o seu número de inscrición, e a partires dese intre considerarase de alta a tódolos efectos. As Asociacións inscritas están obrigadas a actualiza-los datos do rexistro, notificando cantas modificacións se producisen.



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

O incumprimento destas obrigas, dará lugar a que o Concello poida dar de baixa a Asociación no Rexistro.

CAPITULO II.- DAS ENTIDADES REXISTRADAS

ARTIGO 24.-

As Asociacións que figuren no Rexistro, terán os seguintes dereitos:

a) Participar na xestión municipal nos termos contemplados no presente regulamento.

b) Acolleerse aos dereitos de consulta popular, información ou calquera outro recoñecemento pola lei ou polo presente regulamento.

c) Propor aos seus representantes nos órganos de participación que contemple este regulamento.

d) Ser notificados das convocatorias e ordes do día dos órganos colexiados municipais, cando figuren cuestións plantexadas pola Asociación.

e) As actas das Comisións de Goberno e Plenos estarán a disposición dos veciños nos locais públicos.

f) Recibir as publicacións periódicas, ou non, que edite o Concello.

g) Acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente ós locais e aos medios de comunicación, se os houbera, coas limitacións que impoña a coincidencia de uso por parte de varios deles ou polo Concello, e serán responsables do trato dado.

O uso dos medios públicos municipais, deberá ser solicitado e concertado previamente.

ARTIGO 25.-



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

Na medida en que o permitan os recursos presupostados, o Concello poderá subvencionar economicamente as asociacións e entidades tanto polo que se refire ós seus gastos xerais, como polas actividades que realicen. Para isto, o Presuposto Municipal contemplará unha partida destinada a tal fin, e nas suas bases de execución estableceráanse os criterios de distribución das mesmas.

**ARTIGO 26.-**

Para disfrutar de subvencións municipais é imprescindible a presentación dunha memoria que constará, como mínimo, das actividades a realizar e do presuposto económico.

**ARTIGO 27.-**

Os dereitos recoñecidos ás Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños neste regulamento, samente serán exercitables por aquelas entidades ou Asociacións que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

**TIDUO III.- DA PARTICIPACION VECIÑAL NOS ORGANOS  
MUNICIPAIS**

**CAPITULO 1º.- DOS CRITERIOS DE PARTICIPACION**

**ARTIGO 28.-**

Os representantes das diversas entidades poden intervir naquelas Comisións Informativas nas que figuren asuntos que afecten a este colectivo, sempre que o soliciten ó Presidente da Comisión. Os representantes das asociacións, intervirán con voz, pero sin voto.

**ARTIGO 29.-**

Calquera entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, poderá manifestar a súa opinión nas sesións do Pleno da Corporación, para o que se interrumpirá temporalmente a sesión. Dita intervención poderá conterse na acta.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**CAPITULO 2º.- DOS ORGANOS ESPECIFICOS DE PARTICIPACION  
VECINAL.**

**ARTIGO 30.-**

Os órganos específicos para canalizar a participación veciñal, serán os Concellos Municipais de Area ou Sectoriais, e os Concellos Parroquiais ou Territoriais.

**SECCION 1.- DOS CONSELLOS MUNICIPAIS DE AREA OU PADROADOS**

**ARTIGO 31.-**

Os Concellos Municipais de Area ou Sector, son órganos de participación, información, seguimento e proposta á xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencias.

Crearánse por acordo plenario da Corporación os seguintes: Cultura, Escolar, Deporte e Mocidade, Consello Económico e Social, e Consello de Servicios Sociais.

**ARTIGO 32.-**

Amáis dos Consellos referidos no artigo anterior, poderanse constituir outros que se consideren oportunos a proposta da Concellería-Delegada de Área.

**ARTIGO 33.-**

Os Concellos Municipais de Área ou Sector, regularánse pola lexislación aplicable, o presente regulamento e as normas complementarias que aprobe o Pleno da Corporación.

En todo caso, a composición dos Consellos Municipais, contará sempre con:

Un Presidente: O Alcalde, ou persoa en quen delegue.

Un representante por cada Asociación do sector afectado ou sección correspondente a área recoñecida de cada Asociación.

Un membro de cada grupo municipal existente na Corporación.





CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

En todo caso, os representantes das asociacións do sector non terán menor representación que os que correspondan ó Concello.

**ARTIGO 34.-**

Amáis do disposto na lexislación sectorial aplicable, serán en todo caso facultade dos Consellos Municipais de Area ou Sector:

a) Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ao Concello, para ser discutidas nas Comisións Informativas Municipais correspondentes, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento dos órganos municipais.

b) Discutir o programa anual de actuacións e o seu presuposto.

c) Ser consultados no caso en que os órganos municipais debatan e aproben asuntos de especial incidencia no sector en que se trate.

**SECCION 2.- DOS CONSELLOS PARROQUIAIS**

**ARTIGO 35.-**

Os Consellos Parroquiais son órganos de gestión e canles de participación e expresión dos intereses específicos da poboación das distintas parroquias de Bueu.

Constituiráse un Consello por cada unha das parroquias do Concello, e a súa composición e réxime de funcionamento e organización quedará fixado polas normas reguladoras que aprobe o Pleno da Corporación.

Como norma xeral nestes Consellos, garantiráse a participación de tódalas asociacións da parroquia, así como a de representantes de cada un dos barrios, elixidos polos veciños.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**ARTIGO 36.-**

Sen perxuízo do disposto en normas de rango superior, serán competencia destes Consellos:

a) Informar durante o proceso dos seguintes actos administrativos e disposición: Plan de Actuación Municipal, actuacións de urbanismo, Plans de conxunto sobre saneamento, vivenda, ensino e outros servicios públicos.

b) Facer chegar á Alcaldía ou aos órganos municipais correspondentes, as demandas e aspiracións de cada parroquia.

c) Emitir informe non vinculante nos seguintes casos: Aprobación de Plans Parciais e Especiais de ordenación urbanística, aprobación de Plans e proxectos de equipamentos, aprobación de proxectos municipais.

d) Informar aos veciños e entidades da actividade municipal en xeral e do Consello Parroquial.

e) Elaborar estudos sobre as necesidades da parroquia.

f) Calquera outra que o Pleno estime oportuna e inclúa dentro do seu réxime de funcionamento.

al  
co

**DISPOSICION TRANSITORIA.-**

No prazo de dous meses a partir da aprobación definitiva do presente Regulamento, revisarase o Rexistro Municipal de Asociacións, de acordo co establecido neste regulamento, e divulgarase a necesidade de inscrición nel de todas as entidades.

**DISPOSICION FINAL.-**

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

**NORMATIVA DOS CONSELLOS SECTORIAIS.-**

**PREAMBULO.-**

Dando cumprimento ao establecido no Regulamento de Participación Veciñal enúnciase, nesta normativa complementaria, os criterios básicos que deberán rexe-la organización, composición e funcionamento dos Consellos Sectoriais.

Esta normativa pretende conxugar dous criterios; a saber: o da ampla participación das Asociacións e Entidades no Organismo, e dotar da eficacia e funcionalidade aos mesmos. Dado que os Consellos Sectoriais exceden o ámbito de órganos puramente informativos, a axilidade do seu funcionamento repercutirá no organigrama de todo o Concello, e moi especialmente no cumprimento do obxectivo básico para o que son creados, tal é o da participación efectiva dos veciños no proceso de toma de decisións sobre os asuntos que lles afectan directamente no marco das competencias municipais.

É por íso, que establecemos normas, do que pode ser o Estatuto básico de membros do Consello, e así recóllese unha normativa mínima de funcionamento e composición, sempre en concordancia co disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e no marco do Regulamento de Participación Veciñal.

**COMPOSICION DOS CONSELLOS.-**

**ARTIGO 1.-**

De conformidade co disposto no Regulamento de Participación Veciñal, a composición dos Consellos Sectoriais será establecida polo Pleno da Corporación, a proposta da Concellería de Servizos Sociais, previa información da Comisión Informativa.

Poderán crearse, por acordo do Pleno, outros Consellos Sectoriais distintos dos previstos nesta normativa, que en ausencia de normativa particular, rexeranse supletoriamente polo previsto nas presentes normas.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS.-**

**ARTIGO 2.-**

Cada Consello, despois de se constituir poderá dotarse dun reglamento de réxime interno de seu, no que, sen perxuízo do disposto nos artigos seguintes desta normativa, regule a súa estrutura interna, constituicións de comisións de traballo, procedementos para os debates, e outros aspectos que sexa necesario formular atendendo á especificidade das tarefas de cada Consello e as posibilidades dos seus membros. O Regulamento interno de cada Consello Sectorial será aprobado polo Pleno Corporativo como parte integrante do Regulamento Orgánico Municipal.

**ARTIGO 3.-**

Os Consellos Sectoriais serán convocados con carácter ordinario, polo menos unha vez cada tres meses. Poderán convocarse con carácter extraordinario tantas veces decida o seu Presidente, acorde o Pleno, ou así o soliciten formalmente 1/4 dos seus membros.

**ARTIGO 4.-**

As sesións ordinarias deberán celebrarse nun prazo non inferior a tres días hábiles despois da data da convocatoria. A Concellería responsable da área, en coordinación coa Secretaría, porá a disposición dos membros de cada Consello, no lugar que se destine ao efecto, a documentación necesaria ó adecuado desenvolvemento das súas tarefas.

**ARTIGO 5.-**

As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo de tres días hábiles seguintes á data de entrada no Rexistro Municipal da solicitude. O Consello extraordinario deberá celebrarse nun prazo de vinte días, salvo caso de forza maior.

**ARTIGO 6.-**





**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. \_\_\_\_\_

As decisións serán tomadas pola maioría simple dos membros do Consello.

**DA ESTRUCTURA INTERNA.-**

**ARTIGO 7.-**

Cada Consello contará, polo menos, cos seguintes cargos unipersonais de responsabilidade, que formarán a Mesa do mesmo:

- Presidente
- Vicepresidente
- Secretario

**ARTIGO 8.-**

O Presidente do Consello será o Alcalde ou corporativo en quen delegue. Serán funcións do Presidente:

- 1) Convocar e presidir as reunións do Consello.
- 2) Preparar a Orde do Día dos debates.
- 3) Ordear os debates e someter a votación os acordos.
- 4) Executa-los acordos do Consello.
- 5) Velar pola correcta aplicación do Regulamento de Participación e da presente normativa.

**ARTIGO 9.-**

O Vicepresidente será nomeado polo Presidente do Consello, e terá como funcións substituír a éste na súa ausencia.

**ARTIGO 10.-**

O Secretario Xeral do Concello, será membro do Consello Sectorial, con voz e sin voto. As súas funcións son as que de seguido se reseñan:

- Asistir as reunións.



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

-Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orden do seu Presidente, así como as citacións ós membros dos mesmo.

-Recibir os actos de comunicación dos membro do órgano, e polo tanto, as notificacións, petición de datos, rectificacións ou calisquer outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

-Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

-Expedir certificación das consultas e dictámenes aprobados.

-O Secretario da Corporación pode delegar estas funcións nos Secretarios das Comisións Informativas ou en persoal funcionario de Administración Xeral.

**DAS COMISIONS DE TRABALLO.-**

**ARTIGO 11.-**

Por acordo do Pleno do Concello, poderán constituirse Comisións de Traballo con carácter temporal ou permanente, segundo as necesidades ou intereses do Consello.

Corresponde ás Comisións de Traballo, a elaboración de informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia.

O Presidente do Consello nomeará coordinador da Comisión, algún dos membros do Consello que participe asumindo as funcións de impulso e dirección nas actividades da Comisión de Traballo, así como a representación da mesma.

Poderán participar nas Comisións de Traballo, os cidadáns residentes en Bueu, que sexan requeridos polo Consello, para emitir algún informe técnico, ou ben plantexar algunha cuestión que afecte ao colectivo que representa ou ben a él mesmo.

**ESTATUTO BASICO DOS MEMBROS DOS CONSELLOS SECTORIAIS.-**



**CONCELLO DE BUEU**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

**ARTIGO 12.-**

Os membros dos Consellos serán:

- a) O Presidente será o Sr. Alcalde ou Corporativo en quen delegue.
- b) O Vicepresidente será nomeado polo Presidente.
- c) O representante de cada Grupo Municipal, será designado polo seu Voceiro.
- d) Os restantes membros serán elexidos polas entidades ou Asociacións as que representan.

**ARTIGO 13.-**

O nomeamento poderá extinguirse por:

- a) Revocación de membro por parte do órgano correspondente da Asociación ou Entidade que o elixiu.
- b) Por falecemento ou renuncia expresa do interesado.
- c) Por inasistencia inustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas.
- d) O fin do mandato corporativo.

Por cada membro do Consello Sectorial correspondente, poderá nomearse un suplete que asista ás reunións e participe das tarefas do titular por ausencia xustificada deste.

**DISPOSICIONS ADICIONAIS.-**

**PRIMEIRA.-**

Aprobada con carácter definitivo a presente normativa, abriráse un período de trinta días para a solicitude de inclusión das Asociacións e Entidades nos Consellos correspondentes. Transcurrido dito período, a Concellería delegada de Servicios Sociais elevará ó Pleno a proposta de composición concreta do Consello.

**SEGUNDA.-**

Despois de aprobación polo Pleno da Corporación da composición concreta dos Consellos, e sen perxuízo dos Recursos



CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

que poidan presentarse, o Presidente do Consello fixará data e lugar da primeira reunión constitutiva, dando así debido cumprimento ao disposto na Disposición Transitoria II do Regulamento de Participación Veciñal.

E para que así conste, expido a presente, visada polo Sr. Alcalde, coa salvedade a que se refire o art. 27.5 da Lei 30/1992, de 26 de Novembro; na Consistorial de Bueu, a vintedous de Marzo de mil novecentos noventa e seis.-

Vº Pr.  
O ALCALDE,



*[Handwritten signature]*

